



INFORME SOBRE A DECLARACIÓN DE FESTA DE INTERESE TURÍSTICO: A FESTA DA PASCUA (PADRÓN)

ANTECEDENTES

A Dirección de Competitividade da Axencia Turismo de Galicia remitiu o expediente relativo á declaración de festa de interese turístico de Galicia da **Festa da Pascua (Padrón)**, para a emisión do preceptivo informe, achegando a seguinte documentación:

- Solicitud do 03.12.2019
- Acordo plenario do 06.02.2019
- Memoria explicativa
- Informe da Área Provincial de Turismo da Coruña, do 23.10.2020
- Informe do director do Museo Etnográfico de Ribadavia do 09.10.2020

CONSIDERACIÓNS

I. Competencia

Este informe se emite sobre a declaración **A Pascua de Padrón** como festa de interese turístico de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 14 do Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia, e no artigo 6.1 b) do Decreto 149/2012, do 5 de xullo, polo que se regula o Consello do Turismo de Galicia.

II. Marco xurídico

1. A Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, regula no artigo 93, que se atopa no título VII “Promoción e fomento do turismo”, no capítulo II “Medidas de promoción e fomento”, as festas de interese turístico de Galicia, dispoñendo:

“Artigo 93. Festas de interese turístico de Galicia.

A Administración da Xunta de Galicia poderá declarar Festas de interese turístico de Galicia aquelas manifestacións que supoñan unha valorización da cultura e das tradicións populares e que teñan unha especial importancia como atractivo turístico.

Esta declaración farase segundo se determine regulamentariamente, en función, entre outros, da antigüidade, da singularidade e do arraigamento, así como das actividades promocionais que desenvolvan.”

Para dar cumprimento á devandita previsión legal, aprobouse o Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de Festas de interese turístico de Galicia.

2. O Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, dispón que a declaración efectuarase en función do cumprimento dos seguintes **requisitos** e dos **criterios de valoración** previstos nos artigos 3 e 4, respectivamente.

III. Procedencia da declaración

1. Cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 3 do Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro.

. **Antigüidade:** Desde as primeiras referencias documentais sobre A Pascua de Padrón hai máis de 400 anos, esta celebración ten evolucionado substancialmente para adaptarse ás necesidades e tendencias económicas, sociais, culturais e lúdicas, pero sen esquecer a vinculación coas súas orixes e a continuidade das mesmas e sen perder a esencia dunha festividade popular que conxuga elementos comerciais, relixiosos, culturais e lúdicos.

Unhas orixes documentadas concretamente nunhas páxinas das “Memorias del Arzobispado de Santiago” escritas polo cóengo cardeal Jerónimo del Hoyo en 1608, converten á Pascua de Padrón nunha celebración secular que segue a manter na actualidade a tradicional feira cabalar como un dos eixos centrais da súa programación.

. **Singularidade:** A Pascua de Padrón conxuga o compoñente relixioso propio da Semana Santa cristiá -que conta con identidade propia aínda sen chegar a ter a relevancia doutras localidades

galegas como Viveiro, Ferrol ou mesmo Santiago de Compostela- con múltiples actividades laicas, ben sexan comerciais, culturais, deportivas, gastronómicas, etc., que se foron engadindo para seguir fortalecendo á Pascua como un polo de dinamización económica e sociocultural.

Nas últimas décadas, as actividades da Festa da Pascua de Padrón fóronse estendendo no tempo ata abranguer na práctica un período de tres semanas, sempre coincidindo coa entrada da primavera. Esta amplitude de datas, xunto coa diversidade das actividades programadas ao abeiro da Pascua -relixiosas, culturais, musicais, deportivas, comerciais, sociais, etc.-, son valores diferenciais respecto doutras celebracións semellantes. Esta amplitude de datas e actividades está a reforzar a Pascua de Padrón como unha das principais romarías tradicionais de Galicia, conseguindo reunir a máis de 400 vendedores ambulantes e de atraccións feirais e ao maior número de feirantes e exemplares para a venda que se expoñen nunha feira das que se celebran en Galicia.

. **Arraigamento:** A simple existencia dun termo específico como “pascueiro ou pascueira”, para definir a tódalas aquelas persoas que viven e gozan da Pascua de Padrón en toda a súa amplitude, constata o arraigamento popular que esta celebración ten entre a xente da contorna e entre os visitantes foráneos.

Tal e como queda acreditado no informe elaborado polo historiador Xosé Carlos Beiró, a Semana Santa padronesa contou ao longo da historia coa implicación directa de diferentes confrarías relixiosas -a de San Roque, a de Ánimas, a da Nosa Señora do Rosario, a de San Martín ou dos Curtidores, a do Santísimo Sacramento, etc.- para o mantemento das celebracións propias da tradición cristiá. Esta herdanza relixiosa seguen a mantela viva na actualidade na Confraría do Santo Enterro e a Confraría a Virxe das Dores coa programación das respectivas procesións e oficios relixiosos.

Cabe citar tamén o Libro de Pascua, pois ademais de ser un recurso empregado ininterrompidamente desde 1957 para darlle difusión ás actividades da festa é unha proba da implicación cidadá e empresarial con esta festa, xa que cada ano diferentes autores colaboran na súa publicación mediante a achega de artigos sobre a cultura e a historia locais e máis de 200 negocios e empresas padronesas participan coa inserción de anuncios publicitarios. Tanto os autores como os anunciantes contribúen así a seguir mantendo viva unha publicación promocional

convertida xa co paso dos anos nun elemento cultural imprescindible e de referencia da propia Pascua.

. **Accións promocionais:** Tal e como figura na memoria explicativa, a celebración desta festividade remóntase cando menos a comezos do século XVII, data da que se ten constancia documental a través das “Memorias do Arzobispado de Santiago”, do cóngo cardeal de Compostela Jerónimo del Hoyo (ano 1608).

A súa celebración ininterrompida está acreditada documentalmente polo menos dende o ano 1957 cun elemento que forma parte do valor cultural da propia Pascua e do seu arraigamento coa sociedade padronesa: o Libro de Pascua.

Cabe lembrar aquí que o Libro de Pascua é unha publicación promocional desta festa que comezou a editarse en 1926 e que, despois dun número illado en 1933, retomouse en 1957 a modo de folleto-programa e posteriormente en 1959 como libro de maior entidade, saíndo á rúa cada ano antes da Pascua de xeito ininterrompido ata hoxe.

No propio expediente de solicitude da declaración como Festa de Interese Turístico de Galicia menciónanse as datas que acreditan a celebración continua da Pascua desde o ano 1957 ata 2019.

A realización pola entidade organizadora de accións promocionais suficientes para a atracción de correntes turísticas, que serán como mínimo dez nas últimas cinco edicións, vese cumprido coa publicidade que se fai nos carteis da Pascua e nos libros de Pascua das últimas cinco edicións.

. **Valor cultural:** Padrón, pola súa condición de Berce do Xacobeo e por ser a terra de autores irrepetibles como Rosalía de Castro ou Camilo José Cela, forma parte do itinerario cultural de Galicia e de España. Do mesmo xeito, a Festa da Pascua forma parte dende tempos inmemoriais da identidade cultural de Padrón e, a través dos diferentes costumes e actividades, proxéctase cara o exterior como unha celebración que transcende o ámbito local e é coñecida practicamente en toda Galicia.

Se ben o **informe elaborado polo escritor e investigador padronés Xosé Carlos Beiró Piñeiro** afonda nos valores históricos e culturais da Pascua padronesa, convén incidir en diversos aspectos que acreditan na actualidade a raigame cultural desta festa: a Semana Santa padronesa, os vínculos con Santiago de Compostela e Rianxo, os pregóns, a riqueza musical desta terra, o Libro da Pascua e o protagonismo de personaxes históricos como os maceiros ou os cabezudos.

Dentro da herdanza histórica da Festa da Pascua, na actualidade seguen a ter presenza en diferentes actos os maceiros, que son personaxes orixinarios do século XVII, que adoitan conducir á comitiva municipal nas grandes celebracións e que representan alegoricamente coas súas mazas e os seus traxes con reminiscencias medievais o poder da antiga xurisdición padronesa que perviviu ata 1864. Por outra parte, cunha faceta máis lúdica e festiva, seguen a saír á rúa os xigantes e cabezudos orixinarios da Idade Media.

. **Continuidade no tempo:** Un dos elementos fundamentais para analizar a orixe das festas de Pascua é a súa orixinaria vinculación tanto coa situación de Padrón como núcleo vertebrador dunha ampla comarca que puña en contacto a Santiago de Compostela e a súa zona de influencia, co seu porto natural, que primeiramente desempeñou Cesures e máis tarde Carril, como a de ser ese territorio de paso obrigatorio para as zonas costeiras de Rianxo, Pobra do Caramiñal, Boiro, Ribeira, Noia...

Esta continuidade no tempo quedou acreditada pola inclusión na memoria das ilustracións dos Libros de Pascua: 1926 e 1957 ata o 2019.

2. Criterios de valoración.

Para a valoración desta solicitude téñense en conta os seguintes aspectos:

- **A facilidade de acceso:** Pola súa relevancia histórica e pola súa ubicación xeográfica, a vila de Padrón converteuse nun centro de comunicación no que a día de hoxe conflúen unha decena de infraestruturas viarias. Esta completa rede viaria facilita a chegada por estrada á capital do Sar e posibilita que a estación de autobuses padronesa conecte directamente con outras 17 localidades galegas grazas aos servizos que prestan as compañías que operan no municipio, e que permiten desprazarse en autobús á Coruña, Santiago de Compostela, Pontevedra, Vigo, A Toxa, O Grove,

Sanxenxo, Rianxo, Boiro, A Pobra do Caramiñal, Ribeira, Pontecesures, Valga, A Estrada, Cuntis, Caldas de Reis e Vilagarcía de Arousa.

Ademais, Padrón tamén conta cun servizo público de taxis cunha parada no centro urbano para atender aos usuarios.

No eido da mobilidade é de destacar que as boas conexións por estrada permítenlle a Padrón beneficiarse dos fluxos e servizos do aeroporto de Santiago que se atopa a 41,1 quilómetros de distancia.

O concello de Padrón dispón tamén de servizos de transporte ferroviario a través de dúas estacións de tren que existen no municipio: a situada entre os lugares de Matanza e Luáns, moi preto da Casa-Museo de Rosalía de Castro, que forma parte da rede de media distancia que opera Renfe en Galicia; e a estación do AVE Padrón- Barbanza, que pertence á liña de alta velocidade A Coruña-Vigo.

Por outra banda, no ámbito de buscar a integración e participación na Pascua de todo tipo de colectivos, ademais de tentar programar actividades dirixidas a públicos de tódalas idades, na última edición implementouse unha novidosa iniciativa para fomentar a igualdade de xénero e combater a violencia machista. Esta campaña denominouse Bus Lila, consistiu na distribución de folletos informativos contra a violencia de xénero, a instalación del Punto Lila de información e a habilitación de liñas de autobús na contorna de Padrón e ata outras localidades próximas para garantir que calquera persoa puidera desfrutar da Pascua en liberdade e sen violencia.

- **A estética:** No ámbito da ambientación e homoxeneización estética dos espazos empregados nas distintas actividades das Festas de Pascua, o Concello de Padrón aproveitou a edición de 2019 para deseñar unha nova imaxe corporativa, que recupera as orixes da feira cabalar como auténtico xerme da celebración e que incorpora o aspecto lúdico simbolizado polos fogos de artificio, a noria e os carruseis das atraccións infantís.

De forma paralela o Concello de Padrón está a preparar unha ordenanza municipal para a homoxeneización estética da diferentes elementos urbanos como as terrazas dos locais de hostalería e os toldos, de forma que se correspondan coa imaxe que quere proxectar Padrón como vila histórica e o Berce do Xacobeo.

Ademáis, diferentes elementos da Festa de Pascua, como a feira cabalar, as procesións relixiosas ou os pasarrúas dos xigantes e cabezudos manteñen unha estética característica doutros tempos, que “case” permite aos pascueiros e pascueiras remontarse aos séculos pasados.

Nas fotografías móstrase o aspecto estético.

A Pascua de Padrón segundo a memoria é unha celebración de periodicidade anual cuxas orixes se remontan a como mínimo, a comezos do século XVII e están relacionados co protagonismo histórico da vila de Padrón como lugar de paso, centro político e administrativo e núcleo vertebrador dunha ampla zona de influencia. Neste contexto, a Festa da Pascua xorde pola coincidencia dun mercado dominical e unha das feiras cabalares e de gando máis importantes de Galicia coa celebración do domingo de Resurrección, dentro dos actos litúrxicos da Semana Santa, que desde a época medieval funcionaban en Padrón como modos de expresión da relixiosidade popular e tamén como marcador identitario para o conxunto da poboación abranguendo a tódolos xéneros e capas sociais.

- **Aquelas manifestacións ou acontecementos que fagan revivir costumes e tradicións populares:** Etimoloxicamente, a propia denominación da festa revela as súas raíces relixiosas: Pascua provén do latín *páscae*, que a su vez procede do grego *pasjua*, que é unha adaptación do hebreo *pésaj*, que significa “paso” ou “salto”. Polo tanto, a Pascua é a celebración máis importante da Igrexa Cristiá, xa que ao conmemorar o “paso” ou Resurrección de Xesucristo e a súa primeira aparición aos discípulos ao terceiro día de ser crucificado. As estas orixes relixiosas débese tamén o feito de que a Pascua sexa unha festa móbil no calendario, xa que a súa data varía cada ano e non se establece en relación co calendario civil.

Desde as primeiras referencias documentais sobre a Pascua de Padrón hai máis de 400 anos, esta celebración ten evolucionado substancialmente para adaptarse ás necesidades e tendencias económicas, sociais, culturais e lúdicas, pero sen esquecer a vinculación coas súas orixes e a continuidade das mesmas e sen perder a esencia dunha festividade popular que conxuga elementos comerciais, relixiosos, culturais e lúdicos.

Aínda no remate do século XIX, a Pascua de Padrón circunscríbíase practicamente a unha feira cabalar e mular- en ocasións tamén de gando vacún e porcino- á que acudían coincidindo co domingo de Resurrección ducias de compradores e tratantes procedentes de toda Galicia, de

Castela e de Portugal, algún deles co obxectivo de mercar reses enviadas a Francia ou Inglaterra. Para facerse unha idea da dimensión desa feira, cómpre salientar que os xornais da época relatan que as inundacións rexistradas en 1821 durante a feira de Pascua chegaban a matar arredor de 700 animais.

No primeiro cuarto de século XX, xa antes da Guerra Civil, a Pascua de Padrón foi medrando en días de celebración e enriquecéndose en contido lúdico, cultural e festivo a base de engadirlle elementos e actividades que complementaban a actividade comercial e os oficios relixiosos.

Na memoria recóllense as portadas dos libros de Pascua dende 1926 ata 2018 e tamén amósanse os carteis recentes da Pascua de Padrón (2011-2018).

- O adecuado coidado dos contornos urbanos, monumentais ou paisaxísticos onde se desenvolva, segundo a súa natureza: Non só durante a celebración da Pascua, senón ao longo de todo o ano, desde o Concello de Padrón desenvólvese unha política de total sensibilidade coa conservación e posta en valor do patrimonio urbano, monumental e paisaxístico, principalmente nos lugares nos que se desenvolven as múltiples actividades lúdicas e culturais: Paseo do Espolón, Praza de Macías, Rúa de Fondo de Vila, Campo de Barca, Campo do Souto, Praza de Rodríguez Cobián, etc.

Ademais, engadíndolle o valor da sustentabilidade e o aproveitamento dos recursos, nos últimos anos o concello substituíu o histórico aluguer dunha “praza de touros” móbil, na que se adoitaban celebrar as actividades ecuestres, por un recinto de carácter estable, que permite ser empregado durante o resto do ano noutras actividades de carácter deportivo.

Dentro do compromiso de seguir recuperando e mellorando a estética da contorna urbana, o Concello de Padrón está a traballar en dous proxectos diferentes: por unha banda, a humanización e empedrado do Paseo do Espolón, e pola outra, un proxecto de grafitis de gran formato e que tería un dobre obxecto: combater o feísmo dalgúns edificios en estado de abandono e proxectar ilustracións de gran tamaño que poñan en valor a Padrón como Berce do Xacobeo.

Polo que respecta á sinalización: a maior parte das actividades que se programan durante as Festas da Pascua concéntranse en seis zonas da vila:

.Campo da Barca: acolle fundamentalmente a feira cabalar, os espectáculos ecuestres e as exhibicións caninas. A súa conexión coa zona do Bordel mellorou substancialmente coa recente instalación dunha pasarela peonil sobre o río Sar. Ademais, a substitución en 2018 da habitual praza de touros alugada por un recinto perimetral estable permite utilizar esta zona durante o resto do ano para actividades deportivas.

.Campo do Souto: ubícanse as atraccións infantís e os postos de venda.

.Praza de Macías: adoita ser o escenario do pregón e de diferentes actuacións musicais.

.Rúa de Fondo de Vila: actuacións musicais.

.Paseo do Espolón: actividades culturais e musicais.

.Contorna do pavillón, da piscina e do campo de fútbol: postos de venda e feira de maquinaria agrícola.

Nos últimos anos, o Concello de Padrón ten realizado un importante esforzo inversor en varias liñas encamiñadas a facilitar a participación da poboación nas diferentes actividades de Pascua, tanto desde unha perspectiva física de mellora das infraestruturas e a accesibilidade, como desde unha óptica máis conceptual de integración de toda clase de colectivos sociais.

- **A calidade dos actos que configuren a celebración**: desde tempos inmemoriais, e como preludio e orixe da festa de Pascua, a Semana Santa Padronesa goza dunha identidade propia, con oficios relixiosos que seguen a manterse na actualidade na parroquia de Santiago de Padrón da man da Confraría do Santo Enterro e da Confraría da Virxe das Dores. A festa inclúe o Pregón da Semana Santa no sábado de Pascua, en que acostuman a programarse diferentes eventos e actos.

O Domingo de Pascua é o día central da festa de Pascua e un dos que máis visitantes concentra. As principais actividades que se celebran nesta data son as seguintes:

.Tradicional Feira Cabalar no Campo da Barca.

.Segunda xornada da Feira Exposición de Maquinaria Agrícola e Industrial

.Espectáculos ecuestres e concursos morfolóxicos.

O Luns de Pascua é o luns seguinte ao Domingo de Pascua e adoita ser día festivo en Padrón.

O Día de Santiago: xornada de irmandamento institucional co concello de Santiago de Compostela.

O martes de Pascua é o martes seguinte ao Luns de Pascua e adoita ser festivo en Padrón.

.Día de Rianxo: xornada de irmandamento institucional co concello de Rianxo.

O venres de Pasquilla é o primeiro venres tras o Domingo de Pascua e, ademais de acoller actividades complementarias (deportivas, culturais, etc.) acostuman a organizarse concertos de artistas destacados.

O sábado de Pasquilla é o primeiro sábado posterior ao Domingo de Pascua. Nesta data adoitan celebrarse as seguintes actividades:

.Clásica de Pascua de ciclismo: en 2019 acadou a súa 57ª edición.

.Xantar de confraternidade dos Amigos/as de Iria Flavia.

O domingo de Pasquilla é o domingo posterior ao Domingo de Pascua e é unha xornada de peche das festas:

.Día dos Fillos e Amigos de Padrón: esta irmandade premia e homenaxea desde 1960 a padroneses/as distinguidos/as e a amigos/as do pobo de Padrón.

. Festival de Bandas “Capital do Sar”: en 2019 acadou a súa 11ª edición.

- **A creatividade e innovación na celebración do evento:** a Pascua de Padrón ten identidade propia e unha tradición secular con máis de 400 anos de historia. A evolución e transformación experimentada pola Festa da Pascua de Padrón desde os comezos do século XX- sempre baixo as directrices dos respectivos gobernos municipais- estivo e segue a estar encamiñada a reforzar

o compoñente festivo e lúdico para complementar a vertente relixiosa e a tradicional da feira cabalar. Precisamente co obxectivo último de atraer máis visitantes e turistas a Padrón e de organizar unhas festas que agradasen a tódolos públicos, desde comezos do século XXI os respectivos organizadores foron incorporando, suprimindo e alterando as actividades de Pascua ata configurar unha programación característica e relativamente estable dentro de cada un dos días centrais da festa. Así, aínda que as actividades complementarias- deportivas, lúdicas, culturais e sociais-poden programarse cada ano en datas diferentes en función das oportunidades de contratación e dos calendarios de competición, os días principais da Festa de Pascua hai actividades que adoitan acollerse de xeito regular. Neste sentido cabe mencionar que dende o ano 2016 acordouse suprimir as corridas de touros da programación da Pascua e substituírse por espectáculos ecuestres.

- **O nivel de dotación de infraestruturas e equipamentos para a celebración da festa e a recepción de visitantes:** Padrón é unha vila que nos últimos anos converteu ao turismo nun dos eixos da súa economía para aproveitar o auxe do fenómeno Xacobeo. Por iso conta con infraestruturas hoteleiras e hostaleiras suficientes para acoller a milleiros de visitantes: 73 establecementos de hostalaría e restauración, 5 hoteis, 9 pensións, 7 albergues, 2 casas de turismo rural, 1 vivenda turística e 3 vivendas de uso turístico.

- **A afluencia de visitantes:** Segundo un informe do coordinador xefe do servizo de Protección Civil e de Emerxencias do Concello de Padrón a afluencia estimada de público nas últimas cinco edicións situouse arredor das 150.000 persoas de media, sendo a edición de 2017 a máis multitudinaria (arredor das 165.000 persoas).

Segundo a memoria, Padrón dispón durante todo o ano dun servizo de atención e información aos visitantes a través da Oficina Municipal de Turismo situada na avenida de Compostela. Trátase dun servizo moi valorado e en continua progresión, tal e como demostran as estatísticas dos visitantes atendidos desde 2014, moitos deles peregrinos que se atopan realizando o Camiño Portugués cara a Santiago de Compostela.

- **A coordinación das entidades públicas e privadas involucradas na celebración da festa:**

Aínda que poboacionalmente o Concello de Padrón non se atopa no rango de municipios galegos con maior número de habitantes, pola súa condición de cabeceira da Comarca do Sar goza de



todos os servizos públicos propios dun concello de primeira categoría. Desde una perspectiva asistencial, no ámbito sanitario dispón dun centro de saúde e no ámbito da seguridade cidadá conta cun cuartel da Garda Civil, con dous Xulgados de Primeira Instancia e Instrución, cun corpo de Policía Local e cun Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES) que da cobertura tamén aos concellos de Rois e Dodro. Destaca tamén a relevancia de Padrón no ámbito da cultura, xa que este concello acolle dúas das fundacións máis relevantes de toda Galicia, como son a Fundación Casa-Museo Rosalía de Castro e a Fundación Pública Galega Camilo José Cela.

- **Orzamentos destinados á celebración nas últimas 5 edicións:** Veñen descritos na memoria presentada xunto coa solicitude de declaración de festa de interese turístico os orzamentos das últimas 5 edicións desglosados por conceptos de gasto, sendo de 170.000 euros os anos 2014 a 2018 e incrementándose ata 190.000 euros no ano 2019.

3. Procedencia da declaración

Na regulación vixente diferéncianse os requisitos esixibles para a declaración de festa de interese turístico dos criterios de valoración; os requisitos configúranse como elementos de inescusable concorrencia e deben ser apreciados con rigor, posto que as festas declaradas deben ser a imaxe de Galicia, e así, tender cara a excelencia e calidade.

Por todo o exposto, o Consello do Turismo de Galicia propón

INFORMAR

Favorablemente a declaración como festa de interese turístico de Galicia o evento denominado A Festa da Pascua (Padrón).